



BOP

VENRES, 11 DE XULLO DE 2025

N.º 158

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN

En relación coas BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DE ARTESANÍA, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 2 de xuño de 2025 e número 124, resulta necesario modificar no terceiro punto das bases o número de postos que se van a instalar en dita mostra, pasando de 24 a 20 stands, reservándose un deles como punto de información.

Polo tanto, **onde di:**

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS.

Estará formada por 24 postos de 3x2 metros cada un deles con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesáns.

debe dicir:

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS.

Estará formada por 20 postos (reservándose un posto como punto de información) de 3x2 metros cada un deles con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesáns.

Lugo, 7 de xullo de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1961

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 4 DE XULLO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que se indican no apartado 2 da presente proposta, vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 (BOP núm. 298, do 30.12.2023), corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2.022	951	Técnico/a administración xeral / Técnico/a administración xeral entrada	1.631	Escala de administración xeral, subescala técnica	A-A1	Xeral
		744		1.629			

3.- SISTEMA SELECTIVO

Con base no disposto no artigo 169.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece "(...) O ingreso na Subescala Técnica farase por oposición libre (...)", o sistema selectivo será o de oposición libre.

4. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos á normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)
- Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDGP).

5. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

- O artigo 70 da TREBEP sinala que “As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público (...)”
- O que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos (...). En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.
- O artigo 91.2 da LBRL sinala que “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa Oferta de Emprego Público, mediante convocatoria pública ea través dos sistema de concurso, oposición ou concurso oposición libre nos que se garante, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Neste sentido indicar que as prazas que se pretenden convocar cumpren todo o sinalado na normativa de aplicación para poder ser convocadas:

- Están incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL.
- Figuran no cadro de persoal funcionario da Entidade como prazas vacantes dotadas orzamentariamente.
- Non transcorrer o prazo improrrogable de 3 anos para poder ser convocadas.

B) SISTEMA SELECTIVO

- O artigo 61.6 do TREBEP establece que: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 que no seu artigo 169.2.b) sinala que “O ingreso na Subescala Técnica farase por oposición libre (...)”.

Ao non estar derogado o establecido no RDL 781/1986, e estarse a falar de Administración Local debe utilizarse a oposición como sistema selectivo.

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

As prazas de Técnico/a Administración Xeral figuran encadradas na escala de Administración Xeral, Subescala Técnica (Art. 167 TRRL), Grupo de clasificación A, subgrupo A1 (Art. 76 TRLEBEP).

D) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico desta Entidade.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP núm. 101 do 06.05.2021.

E) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

- Artigo 55.1 do TREBEP, “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”
 - Artigo 55.2, “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
 - b) Transparencia.
 - c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
 - d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
 - e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
 - f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

- Artigo 61.1, “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas”.

As bases compren a lexislación vixente asegurando a libre concorrència e os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

6. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobado as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, de dúas (2) prazas de Técnico de Administración Xeral da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Grupo A, Subgrupo A1 quea continuación se sinalan, vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixiada por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL:

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2.022	951	Técnico/a administración xeral	1.631	Escala de administración xeral, subescala técnica	A-A1	Xeral
		744	/ Técnico/a administración xeral entrada	1.629			

As bases específicas complementarían as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexa participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, DO GRUPO A, SUBGRUPO A1, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

No Boletín Oficial da Provincia núm. 101, do 06.05.2021, publícanse as Bases Xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Ofertas de Emprego, acceso libre (cota xeral).

As presentes bases específicas teñen como obxecto complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais antes sinaladas.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2022	951	Técnico/a administración xeral / Técnico/a administración xeral entrada	1.631	Escala de administración xeral, subescala técnica.	A-A1	Xeral
		744		1.629			

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, de 2 agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**5.1. Titulación académica** (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/86, do 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/84, do 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, TREBEP, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓN ACADÉMICAS
Licenciatura, Grao Universitario, Enxeñería, Arquitectura ou equivalentes

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): CELGA 4**6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: OPOSICIÓN LIBRE****7. A OPOSICIÓN.**

Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios. A puntuación total da fase de oposición é de 30 puntos.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO.

Á elección do Tribunal, o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas .

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio dunha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de cincuenta (50) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de cincuenta e cinco (55) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar o exercicio.

7.2 SEGUNDO EJERCICIO.

Consistirá na exposición por escrito de **catro (4) temas**, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa. Sortearase 1 tema de cada bloque.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será **de catro (4) horas**.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EJERCICIO.

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa contido no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS, nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de tres (3) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, da Lei do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2: CELGA 4

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1.- A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Procedemento da reforma.

2.- Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais. A protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa. O recurso de amparo.

3.- A Coroa. As funcións constitucionais do Rei. O referendo. As Cortes Xerais. Composición, elección e disolución. Atribucións. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

4.- O Goberno na Constitución española de 1978. A designación e a remoción do Presidente do Goberno. As funcións do Presidente do Goberno. A Administración Pública na Constitución.

5.- O Poder Xudicial. Regulación constitucional da xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Ordes xurisdiccionais, clases de órganos xurisdiccionais.

6.- Organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. Administración central e periférica. A Administración Institucional. Os órganos consultivos. Especial consideración do Concello de Estado.

7.- A organización institucional das Comunidades Autónomas. O Estatuto da Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.

8.- O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica. A autonomía local na Constitución española do 1978.

9.- A provincia no réxime local. A provincia como entidade local. Organización provincial. Competencias. A cooperación municipal.

10.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

11.- A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.

12.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. O principio de legalidade.

13.- Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas. Normas locais.

14.- O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.

15.- O Dereito Financeiro: Concepto e contido. A Facenda Local na Constitución. Os recursos das Facendas locais no marco do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

16.- A protección de datos persoais. Réxime xurídico. Normativa comunitaria e nacional relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. Principios e dereitos. Obrigacións. A Axencia de Protección de Datos: competencias e funcións.

17.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta.

18.- A Deputación de Lugo e as súas competencias. Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa. A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Bloque I:

19. A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. As potestades administrativas. Potestade regrada e discrecional: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.

20. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Dos órganos das Administracións Públicas: Os órganos administrativos: concepto e tipoloxía. Organización administrativa. A personalización das Administracións Públicas. A potestade organizativa.

21. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións xerais. Os interesados no procedemento. A actividade das Administracións Públicas: normas xerais de actuación. Termos e prazos.

22. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Os actos administrativos: concepto, elementos, clases. Forma, motivación. A eficacia: o principio de autotutela declarativa. Nulidade e anulabilidade.

23. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento. Iniciación.

24. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Ordenación. Instrución. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.

25. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: Finalización. Execución.

26. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Declaración de lesividade e revogación. Recursos administrativos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

27. A Xurisdición Contencioso-Administrativa. A súa natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdición e as súas competencias. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso-administrativo. Causas de inadmisibilidade.

28. A potestade sancionadora: Concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. As sancións administrativas: concepto, natureza e clases. O procedemento sancionador. A potestade sancionadora local.
29. A responsabilidade da Administración Pública: caracteres. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción de responsabilidade. Especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
30. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiadora. Referencia ás singularidades procedementais. O xurado de expropiación forzosa de Galicia.
31. As partes nos contratos do sector público. Órganos de contratación. O Perfil de Contratante. Capacidade e solvencia do empresario. Sucesión na persoa do contratista. Competencia en materia de contratación nas entidades locais.
32. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.
33. Obxecto, presuposto base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das Administracións públicas: expediente de contratación, pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
34. Adxudicación dos contratos das Administracións públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación.
35. Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.
36. Os contratos das Administracións públicas. Tipos de Contrato, especialidades de cada tipo contractual.

Bloque II:

37. A execución do orzamento de gastos e ingresos. Clases de pagos: a xustificar e anticipos de caixa fixa. Gastos plurianuais e de tramitación anticipada. Os proxectos de gasto. Gastos con financiamento afectado.
38. A estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos da estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra do gasto para as corporacións locais.
39. Orzamento xeral das Entidades Locais: concepto e contido Especial referencia as bases de Execución do Orzamento. Elaboración e aprobación do Orzamento Xeral. A prórroga Orzamentaria.
40. A administración local na Constitución e nos Estatutos de Autonomía. O principio da autonomía local. A Carta Europea da autonomía local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local. Fontes do ordenamento xurídico local
41. A potestade normativa das Entidades Locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración e aprobación. O regulamento orgánico. Os Bandos.
42. Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo. O estatuto dos membros da Corporación Local.
43. Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo. Control e fiscalización das actuacións das actuacións dos órganos de goberno. A participación cidadá.
44. Municipio: concepto e elementos. Competencias municipais. Os servizos mínimos. O termo municipal: alteración de termos municipais. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O Estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros organización municipal. Réximes especiais.
45. A provincia como entidade local. As relacións entre as comunidades autónomas e as Deputacións provinciais.
46. As competencias da Deputación Provincial. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios. Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.
47. Outras Entidades locais. Lexislación básica e lexislación autonómica. Entidades locais de ámbito inferior ao municipio. As comarcas. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas.
48. Relacións entre a Administración estatal, autonómica e local: técnicas de colaboración, cooperación e coordinación na normativa estatal e galega.
49. A transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais e do encargo de xestión

50. Singularidades do procedemento administrativos das entidades locais. Impugnación dos actos e acordos locais e exercicio de accións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais. Certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O rexistro de documentos.
51. O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos concelleiros e alcaldes. Elección de Deputados Provinciais e Presidentes. A censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O recurso contencioso-electoral.
52. Réxime de sesións dos órganos de goberno local: celebración de sesións, debates e votacións. Control e fiscalización do Pleno. As actas. Réxime de delegacións.
53. Estatuto dos membros das Corporacións Locais: adquisición, suspensión e perda da condición de membro da corporación. Dereitos e deberes. Grupos políticos. Rexistro de intereses. O estatuto do veciño: Dereitos de deber, información e participación cidadá.
54. As fontes do ordenamento xurídico I. Teoría xeral e regulación no Código Civil. Articulación do sistema de fontes: principio de xerarquía e competencia. A Constitución: carácter normativo directo e o principio de información de todo o ordenamento. O Dereito da Unión Europea: Tratados e Dereito derivado. As relacións entre o ordenamento estatal e os autonómicos.
55. As fontes do ordenamento xurídico II. A lei e normas con rango de lei: concepto e clases; tipos, elaboración e aprobación. O regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedementos de elaboración. Límites e control da potestade regulamentaria.

Bloque III:

56. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal. A estrutura do emprego público: ordenación de postos de traballo. Ordenación do persoal. Planificación do emprego público. Promoción profesional, provisión de postos de traballo e mobilidade.
57. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Adquisición e perda da relación de servizo. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Situacións administrativas.
58. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos: Código de conduta. Dereitos económicos e protección social. Dereitos de exercicio colectivo.
59. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Réxime disciplinario. Incompatibilidades.
60. Igualdade de xénero. Incorporación da muller á vida laboral, política e social. Aspectos económicos e sociais. A política de igualdade de xénero en España: a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
61. Concepto de Dereito Mercantil. Teoría do acto de comercio: contido actual. Especialidades do Dereito Mercantil en materia de fontes. O Código de Comercio vixente: a súa estrutura. Relevancia das normas de Dereito da Unión Europea.
62. Sociedades mercantís públicas: concepto, natureza e réxime xurídico. Delimitación entre sociedades mercantís estatais e entidades públicas empresariais. Regulación principal na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.
63. O control interno da actividade económico-financieira das entidades locais. A función interventora. O control externo da actividade económico-financieira do sector público. A fiscalización do Tribunal de Contas. A xurisdición contable: procedementos.
64. A contabilidade nas entidades locais: principios, competencias e fins da contabilidade. As instrucións de contabilidade. Documentos contables e libros de contabilidade. A Conta Xeral: contido e tramitación.
65. A tesourería das entidades locais: Réxime xurídico, funcións e organización. O principio de unidade de caixa. A realización de pagos. O cumprimento dos prazos de pago: o período medio de pago. O plan de tesourería e o plan de disposición de fondos.
66. Subvención nas entidades locais: normativa autonómica e estatal. Disposicións comúns ás subvencións. Concesións, órganos competentes, beneficiarios e procedementos de concesión.
67. Subvención nas entidades locais. Normativa autonómica e estatal: xustificación e control financeiro. Reintegro. Infraccións e sancións.
68. Réxime xurídico do ordenamento tributario. Principios e normas tributarias xerais no ordenamento tributario. A relación xurídica tributaria: concepto e elementos. Feito imponible. Devindicación. Exencións. Suxeito activo e suxeito pasivo. Sucesores. Responsables. A representación. O domicilio fiscal.

69. A facenda local na Constitución. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: as ordenanzas fiscais, contido, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación dos tributos. O establecemento de recursos non tributarios.
70. Recursos das Facendas Locais: impostos, taxas, prezos públicos, contribucións especiais. participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. As operacións de crédito.
71. O Imposto sobre Bens Inmóveis. O Imposto sobre Actividades Económicas.
72. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
73. A xestión, recadación e inspección dos recursos das facendas locais. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión tributaria ditados polas Entidades Locais en municipios de réxime común e gran poboación.

Bloque IV:

74. Instrumentos de ordenación territorial. As relacións entre o urbanismo e a ordenación do territorio. A Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia. As directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral. A Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: obxectivos.
75. Lexislación estatal do chan: disposicións xerais. Bases do réxime do chan. As situacións básicas do chan e as clasificacións urbanísticas. O Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido da lei do chan e rehabilitación urbana.
76. A lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia: obxectivos e principios xerais. Clases e categorías de chan. Aspectos da función urbanística. O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia: Réxime urbanístico da propiedade do chan: principios xerais. Clasificación. Chan rústico, chan urbano, chan urbanizable e chan de núcleo rural: réxime xurídico.
77. O plan urbanístico na normativa urbanística galega. Clases de plans. Elaboración e aprobación de plans. Efectos da aprobación. Iniciativa e colaboración dos particulares. Publicidade, vixencia e efectos. Modificación e revisión de plans. Usos e obras provisionais. Normas de aplicación directa na normativa urbanística galega.
78. A execución do plan urbanístico. Os diferentes sistemas de execución dos plans. A intervención do uso e edificación do chan. A disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística.
79. As competencias das entidades locais en materia de medio ambiente. A protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica.
80. Competencias locais en materia de xestión dos residuos urbanos. O abastecemento de auga e a evacuación e tratamento de augas residuais.
81. Protección da salubridade pública. As competencias sanitarias das entidades locais. Cemiterios e actividades funerarias. O control ambiental de actividades.
82. Lexislación en materia de augas. Dominio público hidráulico e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións).
83. Lexislación en materia de costas. Dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións).
84. O Dereito Internacional Público: concepto, caracteres e estrutura. Principios fundamentais. O sistema de fontes do Dereito Internacional Público.
85. Os tratados internacionais: concepto e clases. Os órganos competentes para a celebración dos tratados internacionais. A entrada en vigor. Efectos, interpretación e aplicación. Enmenda e modificación. Nulidade, terminación e suspensión dos tratados.
86. A delimitación de competencias entre a UE e os seus Estados Membros: o principio de atribución de competencias. Delimitación, catálogo e categorización de competencias. A cláusula de flexibilidade para a atribución de novas competencias.
87. O sistema normativo da Unión Europea (I): o Dereito primario. Os Tratados constitutivos. Ámbitos de aplicación territorial, material e temporal. A reforma dos Tratados da Unión tralo de Lisboa: procedemento ordinario e simplificado de revisión.
88. O sistema normativo da Unión Europea (II): o Dereito derivado. Natureza e sistema. Actos típicos e atípicos. O Dereito Internacional. Os principios xerais do dereito.

89. As relacións entre o Dereito da Unión Europea e os ordenamentos internos dos Estados Membros. O principio de eficacia directa do Dereito Comunitario. O principio da primacia. O principio de tutela xudicial e cautelar. O principio de responsabilidade patrimonial do Estado.
90. La política de desarrollo regional de la Unión Europea. Instrumentos: Fondos estructurales, Fondo de Cohesión y otros.

Lugo, 7 de xullo de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1956

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 3 de xullo de 2025 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 3º trimestre de 2024, expónse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 4 de xullo e o 4 de setembro de 2025, ambos inclusive. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas entidades colaboradoras.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 3 de xullo de 2025.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1957

CASTROVERDE

Anuncio

Que mediante Resolución de Alcaldía de data 03 de Xullo de 2025, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao segundo trimestre do ano 2025:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (2º trimestre do ano 2025).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 15 de Xullo de 2025 ata o 15 de Setembro de 2025. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 3 de xullo de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1962

LÁNCARA

Anuncio

O día 07.07.2025 a alcaldía adoptou o seguinte acordo:

“Que me substitúa na totalidade das miñas funcións:

- o primeiro tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón, durante o período comprendido entre os días 7 e 13 de xullo de 2025.

Notifíquesele ao 1º tenente de alcalde, Pablo Rivera Capón.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP de Lugo.”

Láncara, 7 de xullo de 2025.- O Alcalde, Darío A. Piñeiro López, P.S. o 1º Tenente de Alcalde, Pablo Rivera Capón.

R. 1958

LUGO

Anuncio



Decreto da Alcaldía nº 6871/2025, do 8 de xullo:

Instruído expediente relativo á AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PROXECTOS INNOVADORES - PROGRAMA TURISTALENT 5.0

E tendo en conta:

1.- O Acordo 17/229 da XGL, de data 11 de xuño de 2025, relativo á APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA TURISTALENT 5.0

2.- A publicación no BOP de Lugo, da devandita convocatoria, en data 13 de xuño de 2025, así como na web municipal, na web do programa Turistalent 5.0, e no Taboleiro de Anuncios do Concello. O prazo de inscricións estipulouse en 20 días hábiles, a contar desde o día seguinte a publicación da convocatoria no BOP de Lugo, rematando o devandito prazo o vindeiro 11 de xullo de 2025.

Vistas a solicitudes formuladas ata o data, e tendo en conta o establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto a ampliación de prazos administrativos.

En uso das atribucións conferidas ao Alcalde no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria do programa TURISTALENT 5.0, en dez días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación da presente resolución no BOP de Lugo.

SEGUNDO.- Publicar igualmente esta resolución de ampliación de prazos na páxina web do programa Turistalent 5.0 (www.turistalent.com), na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal), e no Taboleiro de Anuncios municipal (www.lugo.gal).

Cúmprase.

Lugo, 8 de xullo de 2025.- O Alcalde, Miguel Fernández Méndez.

R. 1963

Anuncio

Aprobados inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2025 (acordos números 6/91, 7/92 e 8/93), os expedientes de modificacións das Bases de Execución do vixente Orzamento Municipal para o 2025, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexitimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Lugo, 9 de xullo de 2025.- O Excmo. Sr. Alcalde Presidente, don Miguel Fernández Méndez.

R. 1964

RIBADEO

Anuncio

O Pleno municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 20/05/2025, adoptou entre outros o acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos destinados á construción dun centro de saúde (expediente 5404/2024)

Solicitada a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e resolta a súa innecesariedade ao considerarse implícita nunha expropiación polo sistema de taxación conxunta (art.118 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), a Dirección Xeral de Administración Local autorizou a continuar coa tramitación do expediente.

De conformidade co artigo 52 da Lei 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa, emprázase aos afectados para que comparezan nas parcelas obxecto de expropiación, **o día 29 de xullo ás 12:00 horas**, ao obxecto de realizar o levantamento da Acta previa á ocupación das parcelas .

No día e hora anunciados constituiranse no Concello o representante da Administración, Alcalde, acompañado do Arquitecto Municipal, e tras reunirse coas propietarias e propietarios e demais persoas interesadas que concorran, levantarán unha acta, na que describirán o ben ou dereito expropiable e faranse constar todas as manifestacións e datos que acheguen uns e outros e que sexan útiles para determinar os dereitos afectados, os seus titulares, o valor daqueles e os prexuízos determinantes da rápida ocupación.

– Documentación que deberán aportar no día e data mencionado:

* DNI/CIF do titular da finca

* Titulo acreditativo de ser titular da finca

Ribadeo, 8 de xullo de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1966

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 04.07.2025, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **XUÑO/2025**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 4 de xullo de 2025.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, D.^a María Jesús López López.

R. 1959

SARRIA

Anuncio

Por acordo plenario de data 29.05.2025 aprobouse inicialmente o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Sarria.

Mediante a publicación dun anuncio de exposición pública da aprobación inicial do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº127, con data 05.06.2025, así como na Sede Electrónica do Concello de Sarria na mesma data, concedeuse trámite de audiencia aos interesados, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente puidese presentar suxestións ou alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista de que non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións, de conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia, a aprobación inicial da modificación da RPT elévase a definitiva.

De conformidade co establecido no artigo 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do

presente anuncio, procédese á publicación íntegra da mencionada relación de postos de traballo na sede electrónica deste Concello:

<https://sarria.sedelectronica.es/transparency/01a446f9-45f1-4416-9b5f-908c7120d0cc/>

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste Acordo.

Sarria, 8 de xullo de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1967

Anuncio

Por acordo plenario de data 29.05.2025 aprobouse inicialmente o expediente de modificación do anexo de persoal do Concello de Sarria, publicándose anuncio de exposición pública no Boletín Oficial de Provincia de Lugo número 127 de data 5 de xuño de 2025 por un prazo de 15 días.

De conformidade co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e non constando alegacións presentadas, a aprobación inicial da modificación do anexo de persoal elévanse a definitiva.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste Acordo.

Sarria, 8 de xullo de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1968